

Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 812 000
Fax: 986 812 060

xerencia.uvigo.es
xerencia@uvigo.es

Universidade de Vigo -
Revista Xersi

Salida Nº. 201200001596
26/01/2012 10:38:10

ACLARACIÓN SOBRE A INSTRUCCIÓN XERENCIAL DE 23 DE XANEIRO DE 2012 POLA QUE SE REGULAN PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Para os efectos de clarear as dúbidas xurdidas respecto á aplicación ao persoal laboral da Instrución xerencial de 23 de xaneiro de 2012 pola que se regulan procedementos de xestión do persoal de administración e servizos, débese ter en conta que as horas extraordinarias, ás que fai referencia a instrución, son as recollidas no artigo 31 do II Convenio Colectivo do PAS Laboral da Universidade de Vigo que di:

“Co obxecto de favorecer a creación de emprego, tenderase a reducir ao mínimo imprescindible as horas extraordinarias. Como norma xeral serán de realización voluntaria e só se poderán realizar as que se deban a imprevistos e teñan carácter excepcional ou a suplir ausencias imprevistas de persoal. O seu límite será de 60 horas en cómputo anual.”

Pola contra a apertura en sábado, cuestión sobre a que se teñen formulado distintas preguntas, está regulada no artigo 23 do devandito convenio, que regula a xornada de traballo, que no seu punto quinto sinala:

“O persoal afectado por este convenio ten a obrigaición de traballar ata 15 sábados ao ano cando sexa preciso para atención ao público ou por necesidades derivadas do funcionamento dos servizos universitarios. As horas efectivamente traballadas os sábados pola mañá compensaranse, por elección do persoal, en descanso, a razón de 1,5 por hora traballada, sempre que as necesidades do servizo o permitan e que, en ningún caso, poderán acumularse as vacacións, ou retribuídas a razón de 1,25 por hora traballada.”

Polo tanto os sábados traballados, en quenda de mañá, dentro dos 15 previstos polo convenio, non teñen consideración de horas extraordinarias.

No caso de que un/ha traballador/a tivera que realizar traballo en sábados por riba dos 15 previstos, sí tería a consideración de horas extraordinarias e polo tanto as necesidades deberían ser comunicadas e autorizadas segundo o previsto na Instrución xerencial do 23 de xaneiro de 2012.

Vigo, 26 de xaneiro de 2012

O vicexerente de Recursos Humanos




Emilio M. Martínez Rivas

Srs./as. Administradores/as de Centro e Campus